

Hondarribia.

Hondarribia, “vao de area” en euskera, encravada na baía de Txingudi, na desembocadura do río Bidasoa, é a fronteira natural con Hendaia. Fonterrabía é o nome en lingua romance da poboación. Afonso VIII outorgoulle a Carta Puebla e o foro de San Sebastián a principios do século XIII.

A súa primeira ubicación foi unha pequena altura que dominaba a baía, en marismas e areas, que logo foron desecados, substituídos por hortas, cubertas éstas á súa vez pola construción debida á presión demográfica. Aínda subsisten vestixios da antiga condición da zona e se conservan algunhas zonas de lagoas e canais.

No seu lado noroeste atópase o monte Jaizkibel, que corre paralelo ao mar Cantábrico. O monte nesta zona é de acusadas pendentes sometidas á acción de fortes ventos, entre os que se observan moitos afloramentos rocosos. No extremo oriental, atópase o cabo Higer, moi preto da vila.

O Jaizkibel fai da costa un lugar de cantís de abundante flora, unha paisaxe de especies adaptadas ao ambiente salobre, como a *Ameria euscadiensis*, especie endémica do litoral desta zona.

A costa alberga algunhas calas e enseadas, onde a erosión ten modelado escultóricos relevos, ademais de praias non sempre tranquilas, onde os *flich* peitean plácidamente as ondas.

Ao mergullármonos, descubrimos horizontes de longos Gellidium abaneados pola corrente, nun movemento rítmico, apenas suxeitos sobre grandes rochas erosionadas; xardíns de anémonas e gorgonias, que serven de acubillo a moitas especies de peixes, e dos pólipos dos cal alimentanse distintos moluscos, entre eles os nudibranquios, un grupo de moluscos sen cuncha. A algúns deles só é posible velos en primavera e ao inicio do verán.

O polbo, ás veces difícil de distinguir polos seus cambios de cor e forma, é un animal habitual neste tipo de fondos, como tamén o son a cabruza cantábrica, máis colorida e grande que a mediterránea, e o cabracho, case sempre inmóbil e agochado no fondo.

Un grupo de fanecas, peixe carnívoro moi voraz, furga entre as algas na busca de moluscos e crustáceos. Os individuos máis grandes, que chegan aos 45 centímetros, tamén capturan pequenos peixes como parte da súa dieta.

Malia poder semellar inofensivo, o peixe torpedo conta con dous órganos eléctricos cos que produce descargas, que emprega tanto para cazar como para defenderse. Adopta unha forma circular que o distingue das raias, vive sobre fondos areosos e aliméntase de peixes e invertebrados.

Máis alá, mar adentro, co reflexo do Jaizkibel sobre a auga, ábrese o océano, onde os peixes e os soños viaxan.